

O SOÑO DE MATÍAS

Texto e ilustracións de LEO LIONNI

Tradución de XOSÉ MANUEL GONZÁLEZ

Encadernado en cartón. 22 x 27,5 cm. 36 páx. 15 €.

PREMIO CHILDREN'S CHOICE IRA-CBC
(International Reading Association – Children's Book Council)

O soño de Matías (galego)

ISBN 978-84-8464-794-2. Tras os montes.

El sueño de Matías (castelán)

ISBN 978-84-92608-65-2. Libros para soñar.

El somni d'en Mateu (catalán)

ISBN 978-84-8464-988-5. Llibres per a somniar.

Matiasen ametsa (éuscaro)

ISBN 978-84-7681-755-1. Kalandraka-Pamiela.

O sonho de Mateus (portugués)

ISBN 978-989-8205-82-7. Livros para sonhar.

*Os ratos eran moi pobres, mais tiñan postas todas as súas esperanzas en Matías. Medraría e quizais chegase a ser médico. Daquela, poderían tomar queixo parmesano no almorzo, no xantar e na cea. Pero cando lle preguntaban a Matías que era o que quería ser, el respondía:
–Non sei... Quero ver mundo.*

A arte, como escaparate de coñecemento e de cultura do mundo enteiro; como expresión de creatividade e de liberdade; como camiño para transformar a realidade. A primeira visita a un museo cambiáralle a vida a Matías e servíralle para enfocar as súas aspiracións: de vivir nun humilde faiado a viaxar e a expoñer as súas propias obras en salas de prestixio internacional.

Leo Lionni achéganos a algúns estilos, dende o clasicismo dos retratos históricos e dos bodegóns, ata vangardas pictóricas como o impresionismo, o cubismo ou o surrealismo. “O soño de Matías” é un álbum para iniciar o público infantil na educación estética e na interpretación das formas e das cores. A través dunha historia cercana e chea de fantasía, e cunhas ilustracións descritivas dunha enorme riqueza cromática feitas coa técnica do collage, o autor comparte cos lectores as súas dúas grandes paixóns: a arte e a música, que marcaron a súa nenez e que o converteron nun dos principais referentes da literatura infantil actual.



■ **Temática:** a arte.

■ **Idade recomendada:** a partir de 4 anos.

■ **Aspectos destacables:** clásico da literatura infantil; estilos pictóricos, museos; do autor e ilustrador de “Frederick”, “Nadarín”, “Pequeno Azul e Pequeno Amarelo”, “A casa máis grande do mundo” e da serie “Frederick”, xunto con “Números” e “Cores”, para prelectores.

Leo Lionni

(Amsterdam, Holanda, 1910 - Toscana, Italia, 1999)

Leo Lionni creceu nun ambiente artístico -a súa nai foi cantante de ópera, e o seu tío Piet, un afeccionado á pintura- e dende moi novo soubo que ese sería o seu destino. En cambio, a súa formación non foi artística, xa que se doutorou en Economía. En 1931 instalouse en Milán e entrou en contacto co deseño gráfico. Cando se trasladou a América en 1939, traballou nunha axencia de publicidade de Filadelfia, na Corporación Olivetti e na revista Fortune. Tamén medrou a súa reputación como artista e os seus cadros exhibíanse nas mellores galerías, dende Estados Unidos a Xapón. Como el mesmo dixo: “*Dalgún modo, nalgún lugar, a arte expresa sempre os sentimentos da infancia*”. O seu primeiro libro para nenos non chegou ata 1959, e xurdiu case por casualidade: durante unha viaxe en tren ocorrúeselle entreter os seus netos cun conto feito a base de anacos de papel de seda. Así naceu “Pequeno Azul e Pequeno Amarelo”, ao que lle seguiron máis de 40 obras aclamadas en todo o mundo pola crítica especializada. Polos seus méritos como escultor, deseñador, pintor e ilustrador, recibiu en 1984 a Medalla de Ouro do Instituto Americano de Artes Gráficas.

www.**Kalandraka**.com

comunicacion@kalandraka.com